


Departamento de Urbanismo
Expte.- 16/2018.CES
Refª.: LACC/rcm

TEXTO INICIAL DE CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMIENTO

Na Casa Consistorial de Arteixo, a 18 de xullo de 2018


Reunidos, dunha parte,

Don Carlos Calvelo Martínez, Alcalde – Presidente do Concello de Arteixo, ante dona María Esther Álvarez Martínez, Secretaria Xeral do Concello de Arteixo, e de outra,



Don Santiago Fuentes Rellán, con DNI 32.379.168 K, maior de idade, actuando en representación de SANTIAGO FUENTES, S.L., representación que obtema como administrador único da referida sociedade, tal e como consta na Escritura de Constitución de Sociedade, outorgada ante o notario don Federico José Cantero Núñez en data 25/02/2002 (protocolo nº 457), sendo tal sociedade a propietaria dos terreos obxecto deste convenio.


Interven, o primeiro en nome e representación do Concello de Arteixo facultado para a sinatura do presente convenio urbanístico en virtude do disposto na disposición transitoria segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e no artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, e o segundo na representación da sociedade Santiago Fuentes, S.L., tal e como se deixa referido no parágrafo anterior.



Ambas partes levan a cabo a sinatura do presente texto inicial de convenio urbanístico de execución do planeamento que a continuación se transcribe aos efectos de sometelo a información pública, tras ser aprobada a súa subscripción por Resolución da Alcaldía nº 1953/2018 de data 18/07/2018.

CONVENIO URBANÍSTICO

Primeiro.- Obxecto: Constitúe o obxecto do presente convenio a cesión voluntaria e anticipada da parte da parcela titularidade da entidade SANTIAGO FUENTES SL con núm. de ref catastral 1869502NH4916N0001DU situada na UA 9 das normas subsidiarias do Concello de Arteixo, unidade discontinua, do texto refundido publicado no BOP do 26/03/08, aos efectos de poder materializar o proxecto de obras ordinarias de urbanización para a mellora e adecuación da Fonte do Abade e o seu entorno mantendo íntegramente os seus dereitos urbanísticos inherentes á parcela que por medio da presente cede.



Segundo.- Iniciativa: Con data do 20/03/18 tivo entrada no rexistro xeral Proxecto de Obras Ordinarias de Urbanización para a mellora e adecuación da Fonte do Abade asinado polo arquitecto don José María Dopico Suárez a cuxa actuación se vincula o presente convenio.

Terceiro.- Obrigas: O propietario, poñer a disposición do Concello de Arteixo a seguinte parcela:

Parcela catastral	Ordenanza	superficie
1869502NH4916N0001DU	UA 9	568 m ²

O Concello de Arteixo, deberá proceder á aprobación do proxecto execución das obras ordinarias de urbanización para a mellora e adecuación da Fonte do Abade anticipadamente ao desenvolvemento da unidade sen prexuízo da futura valoración que corresponda facer ás mesmas no instrumento de equidistribución que se aprobe.

Lido o presente convenio asínase por todos os presentes no lugar e data indicadas no encabezamento do presente documento, ante mín a Secretaria Xeral do Concello de Arteixo que dou fe.

O Alcalde – Presidente

Por SANTIAGO FUENTES, S.L.



Asdo.: Carlos Calvelo Martínez



Asdo.: Santiago Fuentes Rellán

A Secretaria Xeral



Asdo.: María Esther Álvarez Martínez